

# OMIX ( Oficina Municipal de Información Xuvenil)

[Obxectivos](#) | [Qué información podemos darche](#) | [Carné Xove Euro<26](#) |

A Oficina Municipal de Información Xuvenil -OMIX- actúa como un punto de información sobre os recursos dispoñibles en materia de mocidade.

O servizo pretende orientar e asesorar aos rapaces e rapazas do Concello en diferentes eidos do seu interese, fomentando así o seu protagonismo no desenvolvemento da nosa comunidade.

## Obxectivos

- O obxectivo prioritario desta oficina é facilitar á mocidade información sobre axudas e subvencións, cursos, premios e concursos, voluntariado, vivenda, bolsas e axudas, oposicións e emprego, exames e probas, xornadas e congresos e información sobre as Forzas Armadas.
- Pulir un servizo de información e orientación que favoreza o acceso aos recursos sociais, culturais, económicos, etc., da poboación situada entre os 12 e os 25 anos de idade.
- Fomentar a implicación e participación xuvenil na vida cultural e social da nosa comunidade.

[Qué información podemos darche.](#) Na OMIX podes obter información sobre:

- Estudos e formación: información sobre cursos de formación das administracións públicas.
- Asociacionismo xuvenil: asesoramento para a creación e mantemento de asociacións xuvenís no termo municipal.
- Outras actividades: difusión da oferta cultural, deportiva, de lecer, etc., promovida dende outras administracións, como a Deputación Provincial ou a Xunta de Galicia.

## Carné Xoven Euro<26

Podes conseguir e renovar o teu Carné Xoven Euro<26 na propia OMIX de A Cañiza.

Esta tarxeta persoal ofrece numerosos descontos en territorio nacional e diversos países do estranxeiro ás persoas de entre 14 e 25 anos, ámbolos dous inclusive. Os seus posuidores benefíciáanse ademais dun seguro de asistencia de viaxes.

Para facerte con él deberás aboar a taxa correspondente e cubrir o impreso de solicitude, xuntando unha fotografía de carné e unha fotocopia do teu DNI. O Carné Xove Euro<26 ten un período de vixencia de dous anos.